

BOLETÍN

UVIGO/HUMANA

18

UVIGO/HUMANA

BENVIDOS/AS

Con este novo boletín queremos dar a coñecer á comunidade universitaria as actividades de acción solidaria, voluntaria e de cooperación no marco da Axenda 2030 organizadas pola Universidade de Vigo, así como aquelas impulsadas por outras administracións, entidades sociais e ONGD da nosa contorna.

Se es membro da comunidade universitaria ou pertences a unha ONGD ou entidade social e queres dar a coñecer entre a comunidade universitaria a túa iniciativa de acción solidaria, contáctanos en:

Área de Equidade e Diversidade.

[+ Info direc.equidade@uvigo.gal](mailto:direc.equidade@uvigo.gal)

A UNIVERSIDADE E A AXENDA 2030 DAS NACIÓNS UNIDAS

A Universidade, na súa calidade de axente de cambio social e desenvolvemento, está ad-

herida ao Pacto Mundial das Nacións Unidas. Entre outras cousas, isto significa que ten a responsabilidade de poñer en contacto á comunidade universitaria con diversas entidades sociais baixo os principios e obxectivos recollidos na Axenda 2030. En consecuencia, a política de responsabilidade social da Universidade debe estar orientada cara a consecución dos 17 obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS), coa fin de xerar condicións que contribúan a acadar un mundo máis xusto, igualitario, solidario e sostible.

[+Info](#)

AXENDA

MAIO

Polo medio ambiente, en común

L	M	MÉ	X	V	S	D
		1	2	3 Día Mundial da Liberdade de Prensa	4	5 Día Mundial da Lingua Portuguesa
6	7	8	9	10	11	12 Día Internacional da Sanidade Vexetal
13	14	15	16 Día Internacional da Convivencia en Paz	17 Día das Letras Galegas	18	19
20	21 Día Mundial da Diversidade Cultural para o Diálogo e o Desenvolvemento	22 Día Internacional da Diversidade Biolóxica	23	24	25	26
27	28	29	30	31 Día Mundial sen Tabaco (OMS)		

CHAVES DESTE NÚMERO

O voluntariado Axentes do Cambio chega aos campus da Universidade de Vigo

As persoas voluntarias do programa Axentes do Cambio acudiron recentemente aos tres campus da Universidade de Vigo para concienciar e informar sobre os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030. Nos tres stands, as persoas que se achegaron compartiron opinións, xogaron e divertíronse cos xogos sobre os ODS que as voluntarias organizaron. En Ourense estiveron na facultade de Traballo Social, en Vigo pasaron por Bioloxía e en Pontevedra visitaron as facultades de Comunicación e Xestión Pública.



Este grupo de voluntarias da Universidade da Vigo teñen como obxectivo difundir a Axenda 2030 entre a comunidade universitaria, especialmente o alumnado, tanto de forma presencial como virtual. Nas redes, publican materiais divulgativos e de fan eco dos ODS e das preocupacións do alumnado relacionadas cos obxectivos. Nas accións presenciais, sitúanse en mesas informativas con diferente material nas que as voluntarias tratan de concienciar e informar ás súas compañeiras e compañeiros sobre a importancia de mudar os hábitos cara outros máis sostibles cos que contribuir á consecución dos 17 ODS.

Se queres saber máis sobre o voluntariado ou mesmo unirte a el, aínda estás a tempo, preme [nesta ligazón](#).

FORMACIÓN

Curso de Agricultura Ecolóxica Biointensiva da Milpa do Salnés. Dende a cooperativa A Milpa do Salnés organizan a formación en liña "Agricultura Ecolóxica Biointensiva" que organizan e imparten os días 4, 11, 18, 25 de maio e 1 e 15 de xuño de 2024. Trátase dunha formación en agricultura ecolóxica biointensiva nova en Galicia e pensada para aprender dun xeito pausado e práctico. A formación componse de 5 encontros teóricos que se realizarán en liña (horario de 16.30 a 20.30 horas) e unha reunión práctica de xornada completa. A súa fin é ensinar a cultivar alimentos propios dun xeito ecolóxico e avanzar cara á verdadeira autosuficiencia nos nosos xardíns. [+Info](#)

Como formar en deseño para todas as persoas, curso MOOC da UNED e ONCE. Neste curso, pertencente ao Canal Fundación ONCE na UNED, ofrécense información, recursos sobre a educación inclusiva e sobre o Deseño para Todos e o Deseño Universal para a Aprendizaxe, e ferramentas para implantar esta formación nas aulas, é dicir: como pode o profesorado formar sobre deseño para todas as persoas, sobre discapacidade, nas súas materias. Os obxectivos do curso son coñecer e abordar o deseño para todas as persoas no ámbito educativo e universitario, así como a súa normativa e encadre na Axenda 2030; actualizar conceptos de educación inclusiva e equidade a través da innovación docente sobre inclusión; e aplicar ferramentas de formación sobre discapacidade e deseño para todas as persoas na aula e nos currículos formativos. A formación comeza o 20 de maio, é gratuíta e pódese certificar. [+Info](#)



Obradoiro de Cine Documental social, creación e etnográfico. Desde o laboratorio de Nomadocs realízase esta formación a través da experiencia práctica, a súa filosofía cre no cinema e a fotografía documental como ferramentas; de educación, comunicación e expresión. O obxectivo principal destes cursos é achegar as ferramentas necesarias para desenvolver os seus propios proxectos, e aplicar novos coñecementos para poder sacar adiante os seus documentais, reportaxes ou vídeos sexan cales sexan as circunstancias e medios dos que dispoña. A data de inscrición é ata o 2 de maio e a formación desenvolverase do 6 ao 18 de maio. [+Info](#)


Xornadas entomolóxicas ENTOMOLAR 2024. AMABUL é unha organización sen ánimo de lucro que loita por pór en valor o acervo ambiental da comarca natural do Ulla. Entomolar é un proxecto co que Amabul pretende profundar no estudo e comprensión do mundo dos insectos e na súa importancia ecosistémica. O 11 de maio comezarán na Aula Ambiental Amabul (Vedra) as seguintes actividades: obradoiro de iniciación á entomoloxía (de 10:00 a 11:30 horas): charla de iniciación ao mundo dos insectos e taller sobre entomoloxía; obradoiro de identificación de insectos (de 12:00 a 14:00 horas): taller de recoñecemento das principais ordes entomolóxicas; e obradoiro “insectos e hábitats” (de 16:00 a 20:00 horas): saída de campo para o coñecemento e identificación dos principais hábitats e insectos da ZEC Sistema fluvial Ulla-Deza. As inscricións deberán facerse antes do 4 de maio. [+Info](#)



Obradoiro de AGACA de emprendemento cooperativo no medio rural. A Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias organiza este obradoiro gratuíto en liña co obxectivo de definir os aspectos xerais e elementos necesarios para emprender un proxecto cooperativo no medio rural. Impartirante cinco sesións temáticas, en horario de mañá, a partir do 7 de maio. Para inscribirse es necesario completar [este formulario](#). **+Info**



Proxecto Zero. O Proxecto Zero é unha iniciativa de formación e sensibilización sobre a saúde da mocidade en España que ten o obxectivo de crear a primeira xeración libre de tabaco para o ano 2030 coa participación da Asociación Española contra o Cáncer. Se tes entre 15 e 21 anos este programa ofréceche formación específica e técnica sobre o tabaquismo, habilidades de liderado, comunicación e innovación orientada á acción e ao impacto social. A sesión de benvida será o 31 de maio e o programa de formación realizarase do 18 de setembro ao 22 de novembro. Podes inscribirte [nesta ligazón](#). **+Info**



CONVOCATORIAS

Bolsas do Observatorio Estatal de Violencia sobre a Muller. O Ministerio de Igualdade convoca 6 bolsas de formación no Observatorio Estatal de Violencia sobre a Muller para o período 2024-2025. A finalidade das devanditas bolsas é contribuír á formación en materias dirixidas a favorecer a igualdade de trato e a erradicación das distintas formas de violencia contra as mulleres. O prazo permanece aberto ata o 9 de maio.

Concurso fotográfico de natureza e medio ambiente. A Asociación Naturalista para a Investigación e Defensa do Altiplano (ANIDA), na súa aposta polo coñecemento, divulgación e defensa do medio natural, organiza o VI Concurso fotográfico de natureza e medio ambiente, no que se establecen 2 categorías. A categoría A é de fotografías da natureza, entran neste apartado imaxes de flora, fauna, fungos e calquera outro elemento relacionado cos seres vivos no seu medio, así como fotografías de carácter paisaxístico do ámbito da Península Ibérica, illas e arquipélagos de territorio español. A Categoría B é de denuncia ambiental, búscanse fotografías que mostren de forma clara calquera pegada ambiental de orixe humana que afecte negativamente sobre algún proceso natural. Cada autor poderá presentar ata 2 obras por categoría. A presentación das fotografías realizarase mediante o envío por correo postal ao enderezo Escola Infantil Los Ángeles. C/ San Antonio, 36 -30510- Yecla, ou por correo electrónico ao enderezo concursofotoanida@gmail.com. Os premios van dos 100 aos 200 euros e o prazo de recepción das fotografías estará aberto ata o 11 de maio de 2024.

Bolsas MAEC-AECID para capacitación da mocidade española. A Agencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo convoca os programas de bolsas MAEC-AECID para capacitación da mocidade 2024-2025. O obxectivo é conceder axudas para as formacións de mozos e mozas para participar en tres programas. O programa COOPERACIÓN: bolsas de capacitación para mozos españois de formación en xestión da cooperación ao desenvolvemento


nas Oficinas da cooperación española (OCE) e nas Oficinas da cooperación española especializadas – Centros de Formación (CF). O prazo de presentación de solicitudes vai do 17 ao 30 de abril. O programa CULT: bolsas de capacitación para mozos españois de formación en xestión cultural e diplomacia científica na rede exterior de representacións diplomáticas e nas Oficinas da cooperación española especializadas – Centros Culturais (CC). O prazo de presentación de solicitudes vai do 17 ao 30 de abril. E o programa COE: bolsas para a formación de mozos españois en asuntos europeos no Colexio de Europa. O prazo de presentación de solicitudes vai do 23 de abril ao 8 de maio.

Axudas ao asociacionismo e á participación das mulleres. A Xunta de Galicia convoca axudas económicas en favor das asociacións de mulleres e federacións constituídas por elas, coa fin de fortalecer e consolidar o movemento asociativo e potenciar a participación social e a calidade de vida das mulleres galegas. O prazo para a presentación de solicitudes estará aberto ata o 10 de maio de 2024. As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento SI437A.

VOLUNTARIADO

Campaña de voluntariado de Parques Nacionais 2024. A Asociación de Ciencias Ambientales (ACA) pon en marcha unha nova edición primavera-verán do programa de Voluntariado en Parques Nacionais.


O seu obxectivo principal é establecer unha rede de voluntarios que permita dar difusión e apoiar as actividades de seguimento dos efectos do cambio climático e das actividades humanas rea-



lizadas polos Parques Nacionais, a través da identificación e seguimento das áreas máis sensibles dos destes espazos protexidos. Durante este ano, o proxecto desenvolverase en 5 Parques Nacionais de alta montaña españois, entre os que se atopan: Parque Nacional de Aigüestortes i Lago de San Mauricio, Parque Nacional da Serra de Guadarrama, Parque Nacional de Sierra Nevada, Parque Nacional de Ordesa e Monte Perdido, e Parque Nacional de Picos Europa. A actividade principal dos voluntarios/as xunto aos técnicos de ACA, será a mostraxe dos parámetros físico-químicos, hidromorfolóxicos e biolóxicos que determinan a calidade de auga de ríos e arros de alta montaña. A partir das mostraxes, creranse bases de datos moi útiles para a preservación do ecosistema. As inscricións permanecen abertas e o primeiro voluntariado comeza o 23 de maio. [+Info](#)

EMPRENDEMENTO

Avaliación en liña do teu perfil para emprender en cooperativa. [Inicia.coop](#) é un recurso da Unión de Cooperativas EspazoCoop, unha ferramenta web accesible e sinxela, coa que se pode realizar un diagnóstico que che permita coñecer cal é o teu perfil emprendedor para formar unha cooperativa, de acordo coas túas respostas ás preguntas formuladas pola aplicación. Con 5 sinxelos pasos podes avaliar o teu potencial emprendedor se queres crear unha asociación cooperativa.



PUBLICACIONES

O INconFORME de Futuro en común, un documento que reúne todas as loitas á orde do día de máis de 50 plataformas. Accede ao informe completo [aquí](#).

Guía didáctica "Adestra o teu músculo ético", para achegar valores coma a igualdade xénero e o comercio xusto a centros deportivos. Accede á guía completa [aquí](#).

Que é o respiro familiar? Programas de axuda para familias con persoas con discapacidade ou necesidades especiais ao seu cargo. Accede ao artigo completo [aquí](#).

Manifiesto da CECOP para as eleccións comunitarias de 2024: as cooperativas empoderan ás traballadoras, reindustrializan e innovan en beneficio de todos. Accede ao manifesto completo [aquí](#).

NOVAS DO DUVI

A UVigo participa na conferencia anual da European University Association que se centra na integridade en tempos de cambio [+Info](#)

Encontro en directo coa relatora da ONU para Palestina, Francesca Albanese [+Info](#)

Arranca en Vigo o encontro anual dos institutos de investigación sanitaria de Galicia [+Info](#)

Seleccionan o CINBIO para participar na creación dos dispositivos que marcarán o futuro da enerxía solar [+Info](#)

A UVigo lanza unha serie de podcast para promover a prevención das enfermidades cardiovasculares [+Info](#)

COÑECE ÁS ENTIDADES SOCIAIS DA NOSA CONTORNA

Solidariedade Internacional é unha entidade que leva máis de 20 anos en activo, naceu para cubrir os fins da que antes fora a Fundación Solidaridad Internacional, con sede en Madrid. Nese tempo constituíanse, tamén, asociacións homónimas no País Valenciano, País Vasco, Andalucía e Canarias. Solidariedade Internacional avoga por unha cooperación internacional progresista e a traballan no campo na educación, do comercio xusto, da mobilización social e da cooperación en países en desenvolvemento.



No eido do comercio xusto, Solidariedade Internacional ten un compromiso forte, enténdeno como unha ferramenta para valorar os esforzos das persoas traballadoras, lograr metas de sustentabilidade e deconstruír a pedagogía da pobreza. Por iso teñen varias tendas en Galicia nas que venden produtos sostibles, dende artesanía ata alimentación.

Por outra banda, traballan coa sociedade civil de máis de 30 países nun esforzo colectivo para reivindicar dereitos e mellorar as condicións de vida. Velan polo acceso universal á auga, o dereito a unha vivenda digna, a loita contra a violencia de xénero, a soberanía alimentaria, a xestión de residuos, a formación laboral para un emprego digno... Nesta [ligazón](#) pódese consultar o seu Plan Estratéxico para a área de Cooperación Internacional SIG 2022-2027. Ademais, participan xunto as universidades galegas no proxecto de Galicia Abriga, un programa destinado a que mulleres defensoras de dereitos humanos de países nos que ten presenza a Cooperación Galega poidan saír temporalmente do contexto de risco físico e psicolóxico no que se atopan.

Tamén fan labores de sensibilización nas aulas e teñen como temática condutora os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. No ámbito da Educación para a Cidadanía Global, teñen publicada

unha serie de libros dirixidos aos máis cativos que educan de xeito ameno sobre a cooperación e a solidariedade.

RECURSOS EN LIÑA

Publicacións en liña en materia de cooperación e desenvolvemento en Galicia (Coordinadora Galega de ONGD) [+Info](#)

Catálogo de publicacións de Cooperación Española [+Info](#)

Outros catálogos en materia de cooperación e desenvolvemento (Cooperación Española) [+Info](#)

Publicacións de Enxeñería Sen Fronteiras [+Info](#)